

Téndose aprobada definitivamente a Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Arteixo polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o pasado día 27 de decembro de 1997 e, transcorrido o prazo de 30 días de exposición ó público, de conformidade co disposto no art. 70.2 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, e para os efectos da súa entrada en vigor, procédese á publicación do texto íntegro da mesma:

ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE ARTEIXO

CAPÍTULO I

Artigo I.

1. O galego como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de Arteixo.

2. As actuacións administrativas realizadas en galego no ámbito municipal terán plena validez e eficacia.

3. Os cidadáns teñen dereito a ser atendidos e obter copia ou recibir notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.

4. Sempre que neste documento apareza a denominación Concello de Arteixo ten que entenderse que se está a referir tamén a tódalas unidades funcionais que a compoñen.

Artigo II.

O Concello de Arteixo empregará normalmente o galego nas súas actuacións administrativas internas e nas relacións cos cidadáns e coas entidades públicas ubicadas en Galicia.

Establecerase un convenio coas entidades locais que reciban subvención do Concello para que utilicen a lingua galega nos actos, documentación e publicidade dos mesmos.

Nas relacións coas persoas ou entidades radicadas fóra do territorio da nosa Comunidade Autónoma, o Concello empregará normalmente o castelán ou outra lingua oficial do lugar onde residan aquelas.

CAPÍTULO II

Resolucións e documentación administrativa

Artigo III.-Serán redactadas en galego:

1. As convocatorias de sesións de tódolos órganos colexiados da Corporación e nomeadamente as do Pleno, Comisión de Goberno, Comisións Informativas, Consellos Sectoriais e Tribunais de oposicións e concursos.

2. As actas das sesións dos anteditos órganos municipais.

3. As Resolucións do alcalde, dos concelleiros, e o seu Libro de Rexistro.

Artigo IV.

A documentación dos expedientes administrativos que dean lugar á adopción dos acordos e resolucións referidos no artigo anterior tamén serán redactadas e tramitadas en galego, idioma no que se elaborarán os modelos de documentación e impresos.

Artigo V.

Os documentos contractuais subscritos polo Concello serán redactados en galego.

Se a outra parte contratante o solicita ou o negocio deberá producir efecto fóra da Comunidade Autónoma, tamén será redactado en castelán.

Artigo VI.

Redactaranse en galego os documentos académicos, de xestión de persoal, informes, documentos contables e de xestión xeral, así como os oficios, citacións, convites, etc.

Artigo VII.

Nos rexistros administrativos do Concello de Arteixo os asentos faranse sempre en galego, independentemente da lingua na que estean escritos, sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983.

CAPÍTULO III

Atención ó público

Artigo VIII.-Os servicios da oficina de información e demais unidades administrativas que teñan unha relación co público máis intensa, promocionarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación.

O disposto no presente artigo tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten servicios públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto.

CAPÍTULO IV

Relación coas empresas privadas

Artigo IX.

Os estudos, proxectos e traballos semellantes que o Concello encargue a terceiros dentro do ámbito territorial galego terán que ser redactados en galego, aínda que a súa finalidade esixa a redacción noutra lingua.

CAPÍTULO V

Anuncios e publicacións

Artigo X.

Redactaranse en galego os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia ou calquera medio de comunicación radicado na nosa Comunidade Autónoma.

A publicidade farase en versión bilingüe cando vaia dirixida a fóra do ámbito lingüístico galego.

Artigo XI.

As publicacións editadas polo Concello teñan ou non carácter periódico, e as campañas de divulgación e publicidade realizaranse en lingua galega.

Artigo XII.

Os cargos do Concello expresaranse en galego nos actos públicos celebrados en Galicia, sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

CAPÍTULO VI

Topónimos, sinalización e rótulos

Artigo XIII.

Consonte co que dispón o artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, a única forma oficial dos topónimos do territorio municipal do Concello de Arteixo é a galega, ó igual que a dos demais topónimos de Galicia.

Artigo XIV.-Os rótulos e sinalización da Casa do Concello, dos outros edificios e servicios públicos da rede viaria municipal redactaranse en lingua galega.

Tamén se poderán redactar en castelán ou noutros idiomas, cando o interese xeral o requira.

CAPÍTULO VII

Persoal ó servicio da Corporación

Artigo XV.

A declaración de oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ó servicio da Corporación estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e na escrita, en igualdade co castelán e de acordo coa natureza do seu posto de traballo.

O persoal do Concello que atenda ó público dirixirse ós/ás cidadáns/as en galego, agás nos casos nos que estes soliciten ser atendidos en castelán.

CAPÍTULO VIII

Relación con outras Administracións

Artigo XVI.

As actuacións realizadas polo Concello perante os órganos de xustiza faranse en lingua galega, consignándose sempre por escrito o cumprimento do artigo 7.2 da Lei 3/1983, de Normalización Lingüística, referente á utilización da lingua galega por parte da Administración de Xustiza.

CAPÍTULO IX

Servicio Municipal de Normalización Lingüística

Artigo XVII.

1.-Para dar cumprimento o espírito que aniña nesta Ordenanza e proporcionar soporte técnico ó proceso de normalización da lingua galega no Concello de Arteixo, creouse o Servicio de Normalización Lingüística.

Trátase pois, dunha axuda da que poderán dispor tódolos departamentos.

2.-As tarefas que desenvolve o Servicio de Normalización Lingüística artéllanse en tres áreas fundamentais: traducción, corrección e asesoramento lingüístico, dinamización lingüística e cursos.

3.-A responsabilidade institucional do cumprimento deste regulamento de uso do idioma galego, así como as accións de normalización lingüística en xeral, é de cada unha das xefaturas.

4.-Ademais da aprobación deste regulamento, e ata que non se acade o obxectivo do uso normal da lingua galega, cómpre prever accións que permitan facer un seguimento e unha avaliación da aplicación do mesmo, no marco xeral do proceso de normalización lingüística do Concello.

Artigo XVIII.

1. A corrección e asesoramento lingüístico ten como obxectivo que os textos que saían do Concello de Arteixo sexan en galego e coa maior corrección.

2. A dinamización lingüística promove e apoia actuacións que favorezan a normalización do galego no Concello de Arteixo, mediante a difusión de material terminolóxico de apoio á docencia, escritos no Boletín Informativo Municipal sobre Normalización Lingüística, deseño de campañas propagandísticas de normalización, etc.

No que atinxe á area de formación, o Servicio ten como obxectivo que a comunidade arteixá poida resolver as eivas lingüísticas que impiden a normalización lingüística do concello. Para iso planificará os cursos de lingua galega e mesmo elaborará material de apoio á galeguización.

Arteixo, o 16 de marzo de 1998.

O alcalde-presidente,

Asdo.: Manuel Pose Miñones.